



Expediente núm.: 2023/C004/000001

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato administrativo de servizos, por procedemento aberto simplificado sumario e un único criterio de adxudicación.

Asunto: contratación da prestación do servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores.

Redáctase esta memoria para dar cumprimento ás esixencias legais establecidas no art. 63.3 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/ÇUE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) e se xustifican os aspectos que se detallan nos artigos 28, 99 e 116 de dita Lei.

1.Obxecto do contrato: Prestación dos servizos necesarios para levar a cabo o servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores, de conformidade co establecido no Prego de prescricións técnicas.

2.Necesidade e idoneidade do contrato: xustifícase a necesidade en relación ao fomento da ocupación do tempo libre de parte da cidadanía, neste caso das persoas de máis de 60 anos.

Este contrato englobase dentro das políticas de Benestar Social que dende o concello se levan a cabo coa cidadanía dentro das competencias que o art.25.2 l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, lle outorga aos concellos, en canto á ocupación do tempo libre. Coa realización desta comida, ademais de homenaxear aos “nosos maiores”, tamén se reforzan os lazos de convivencia da comunidade ao favorecer o encontro dunha parte da cidadanía con vivencias e inqedanzas similares.

3.Insuficiencia de medios:

Xustifícase, en cumprimento do establecido no art. 116.4 da LCSP, que este concello non conta cos medios persoais nin materiais para o desenvolvemento do servizo, xa que non existe entre os empregados/as municipais persoal coa especialización necesaria para prestar o servizo así como do material específico para levar a cabo o servizo.

4.Nomenclatura CPV:

55300000-3 (Servizos de restaurane e de subministración de comidas).

5.Valor estimado do contrato e orzamento de licitación:

Valor estimado: 26.000,00 euros.

Orzamento de licitación:

Importe: 26,00 € /persoa (IVE non incluído)

IVE (10 %): 2.6 €/persoa

Importe total : 28,60 euros/ persoa (IVE incluído)

O aforo máximo será de 1000,00 persoas.

En consecuencia, o orzamento máximo de licitación do presente contrato ascendería a:

-Valor estimado:.....26.000,00 euros

-IVE (10 %):.....2.600,00 euros

-Importe total:.....28.600,00 euros



Os custos veñen xustificados no prego de prescricións técnicas.

6. Aplicación orzamentaria: 337.22610

7. Lotes:

O presente contrato non se dividirá en lotes dado que para a correcta execución do contrato atendendo ao obxecto do mesmo, implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en:

-Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese optimización do control da execución global do contrato.

-Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións, próximas no tempo.

-Coa división en lotes do obxecto do contrato incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

-Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese eficiencia.

Polo que non procede a división en lotes pola necesaria coordinación na xestión das diferentes prestacións en que consiste o servizo que aconsellan para acadar a adecuada execución que se leve a cabo por unha única empresa.

8.Procedemento de licitación: aberto simplificado sumario (art.159.6) da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP) e cun único criterio de valoración (art. 145.3 g) da LCSP).

9. Tramitación:ordinaria

10. Duración do contrato e prazo de execución:

O prazo de execución será de tres días (28,29 e 30 de abril de 2023)

11.Prórroga do contrato:

Non se prevén prorrogas.

12. Revisión de prezos: Non procede.

13.Garantía provisional: Non procede.

14.Garantía definitiva: Non procede.

15.Garantía complementaria: Non procede.

16. Solvencia:

De conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP os licitadores están exentos de acreditar a solvencia económica ou financeira e técnica ou profesional.

17. Criterios de adxudicación:



Tendo en conta que as prestacións están definidas técnica e ao non ser posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións no contrato, considerase o prezo o único factor a valorar.

18. Condicións especiais de execución:

De conformidade co establecido no art. 13 e concordantes da LCSP, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo social e ambiental (cumprimento do convenio colectivo e normativa medioambiental, especialmente en canto á xestión de residuos).

19. Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Vimianzo, por delegación da Alcaldía (Resolución da Alcaldía de data núm.767/2019, de data 02/07/2019, modificada por Resolucións da Alcaldía núm.978/2019 e núm.1247/2019, de datas 04/09/2019 e 08/11/2019, respectivamente.)

20. Mesa de contratación: A súa composición é a seguinte:

Presidenta: - D^a.María José Pose Pérez, concelleira de Benestar Social do concello ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-D. Francisco Fernández Armada, interventor do Concello de Vimianzo ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal interventor.

-D.Francisco Javier Novoa Juíz, secretario do Concello de Vimianzo ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal letrado.

-D.^a Sandra María Abeijón Romero , traballadora social do concello de Vimianzo ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal

Secretaria: D^a.Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión da área de xestión administrativa ou funcionario que legalmente o substitúa.

21. Responsable do contrato: a traballadora social do concello, de conformidade co establecido no art. 62.2 da LCSP.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)